



**XEIRA, DOMINGO, 11 DE XUÑO DE 2017**

**A ULLOA: CASTELO DE PAMBRE RECUPERADO  
E GRANXA ARQUEIXAL**

Guiada por Pancho Gallego

**Saída ás 8,30 h dende as paradas habituais**

- Desta volta temos dous obxectivos principais: o restaurado **Castelo de Pambre**, que xa é visitable dende hai uns meses; e a **granxa ecolóxica Arqueixal**, na aldea de Santiago de Albá, ademáis doutros lugares ben interesantes.

**Lembre levar calzado axeitado e cómodo**, pois algún dos lugares, inda que non teñen moita dificultade pode haber lama, ou ser cansados, como subir á torre de Homenaxe do castelo de Pambre.

**ITINERARIO**

- O noso primeiro destino será unha rápida visita ó castro de Remonde, onde disfrutaremos dunhas vistas estupendas que xa coñecemos da vez pasada, e que segue a ser limpado ós poucos.  
<http://castroderemonde.eiradaxoana.gal/>
- Seguiremos cunha pequena andaina deica as cercanas Fervenzas do Mácara, que quedaron pendentes na anterior excursión por estas terras.
- E o resto da mañá dedicáremolo a unha visita polo miúdo do Castelo de Pambre.

**O Xantar** farémolo na granxa Arqueixal, a base de produtos ecolóxicos locais. Fomentamos así o comercio de cercanía e de calidade.

- Unha vez rematemos, faremos unha visita á granxa e ó seu ecomuseo da man de Jose Luis, a persoa que impulsou a transformación e mantemento da contorna deste lugar, e que está detrás das actividades de "Son d'aldea".

<http://www.arqueixal.com/agro/aldea.htm>

e

<https://sondaldea.wordpress.com/>

- Unha vez rematemos esta visita achegarémonos ata a parroquia de Santa Mariña de Castro de Amarante, para ver o castro, a igrexa renacentista, e o impresionante pazo que alí hai.
- Finalmente se queda tempo completáramos o días con algún pequeno lugar pouco coñecido desas terras.